

M-CEP  
D.S.  
4 COPIAS

## 1. EN DEFENSA DO ABORTO

Consideramos o aborto como a última solución a un embarazo non desexado, e decir, pensamos que debe haber a información suficiente sobor dos xeitos de evitalo é o uso dos anticonceptivos é facilita-la consecución dos mesmos. Pró a partires desta premisa ¿por qué preferimos o aborto a continuar o embarazo cando non se desexa o fillo/a?

Denantes de contestar esta pregunta, fagamos unha analise do siñificado do aborto socialmente.

Socialmente considerase o aborto como un atentado a vida dun ser que xa está latente no ventre da nai. Nós consideramos que o embarazo non desexado e unha agresión e unha coacción a liberdade dun ser que xa está no mundo, que e a muller, ao non deixarlle escoller libremente é por si mesma si desexa ou non ter ese fillo.

Estase coaccionando a muller é estaselle agredindo, cando, si ésta non desexa o fillo é non pudo evitalo embarazo, xa seña por falla de información, xa seña por haber tido unha educación sexual fálica, xa seña por dificultades na utilización de anticonceptivos, ou haber fallado éstos, ou en fin xa seña polo que fose, ésta desexa abortar é se lle castiga si o fai.

Esta sociedade a traveso das suas institucións (Igle<sup>u</sup>sia, clase médica, xueces, etc.) que castiga ó aborto, e a causante ó mesmo tempo de que muitas mulleres teñan que abortar, agredindoas neste caso ó non poder ter un fillo ben seña por unha situación económica precaria, por imposibilidade de atopar traballo, por prexucios sociais no caso de que o embarazo non se de no marco familiar establecido, por unha limitación do mundo da nai ante a despreocupación social polo fillo (falla de guarderías por ex.) etc. Ese mundo que a leva a abortar non lle permite facelo é a castiga si o fai.

Consideramos o aborto como unha agresión a muller. En canto a agresión producida polo legrado, e decir, pola operación en si, non a consideramos mais que a de calquer outro tipo de intervención quirúrxica que deba de ir rodeada de todas as atencións e consideracións sanitarias. Cando o aborto realizase clandestinamente, como e no caso do Estado Español na actualidade, a situación cambia sustancialmente tendo pra muller consecuencias muito mais graves: aparte das consecuencias psíquicas que ten pra muller o medo por actuar clandestivamente, produce 3.000 mortes anuais no noso país, elo sin contar as mulleres que sufren doencias diversas, dende infeccións esterilidade, etc. como consecuencia das malas condicións nas que se realiza.

¿Qué consecuencias pode traer pra muller o embarazo non desexado?

Pode levála a aborrecer as relacións sexuais xa que este embarazo é consecuencia delas; pode sucedé-lo contrario que aparte de non ser desexado o embarazo seña ademais consecuencia dunhas relacións sexuais adversas, xa seña por que o tipo de relación sea seguindo o modelo imperante, non satisfactorio pra muller, por haber sido forzada a relación (violación...). Por outra banda, nesta sociedade machista e patriarcal na que nos desenvolvemos o fillo limita a muller bastante mais que ó home, é a limita de distintos xeitos: no terreo persoal, laboral, no social é incluso na relación coa parella.

¿Qué consecuencias pode traer pró neno?

Primeiro, en estado embrionario, pode xa influirle a situación psíquica da nai. Na época da lactancia pode levar ó neno a rechazar o leite materno como consecuencia da non aceptación por parte da nai dese fillo. Ese rechazo -- por parte da nai pode seguir manifestandose no neno a traveso de toda a súa infancia de diversos xeitos: manifestacións de agresividade, autismo, intentos de suicidios, etc. Recordemos que a maioría dos nenos maltratados polos seus pais son nenos que hon habían sido desexados.

Por todo o exposto, é porque ademais hai 1.000 embarazos non desexados cada 24 horas, que a metade das mulleres abortan unha vez na súa vida, de que moitas quedan en malas condicións é outras morren, por todo isto pensamos que é mellor o aborto que ter un fillo non desexado é pedimos a legalización inmediata.

## 2. A LOITA POLO ABORTO NO CAMIÑO POLA LIBERACION GLOBAL DA MULLER

### O aborto é un dereito democrático da muller

Toda muller ten dereito a controlar libremente a súa capacidade de reprodución, e toda inxerencia por parte da Igrexa, Estado, etc., constitúe un atentado a esa liberdade.

A imposición a toda a poboación dos principios éticos e relixiosos dunha parte desa comunidade, supón un atentado ao dereito innegable a toda persoa de actuar según os seus principios éticos.

### O aborto na loita pola liberación sexual

A legalización do aborto non supón o fin da loita pola liberación sexual da muller, debe ir acompañada dunha loita por modificar as pautas de comportamento sexual, por acabar coas restriccións que ten o modelo sexual actual, por ir avanzando toda-las mulleres no mellor coñecemento da nosa sexualidade, etc.

A loita por avanzar no control do noso corpo é soio un aspecto da loita global das mulleres por acabar coa nosa opresión, ó mesmo tempo que sitúa a muller nunha posición mais favorable pra seguir loitando polo dereito ó traballo, polo dereito a ser parte activa na sociedade, etc.

## 3. ¿POR QUE LOITAR POR UNHA LEY DE ABORTO?

Nós queremos que o aborto seña libre a cargo da Seguridade Social, que teñan acceso a él toda-las mulleres e que seña decisión da muller.

Pra que isto seña así non chega con que despenalicen o aborto. Coa despenalización o aborto deixará de ser delito pro con iso soio non garantiría un acceso a él de toda-las mulleres que queren abortar.

Esiximos que o aborto seña a cargo da Seguridade Social porque pensamos que é o único xeito de asegurar ese dereito prás mulleres traballadoras, que non se poden permitir pagar o aborto nunha clínica privada. Porque pensamos tamén que é un xeito de impedir que en torno ó aborto se monten clínicas-negocio que especulen coas necesidades das mulleres.

Por outra banda como propoñen algunhas mulleres hai a posibilidade de que as propias mulleres montemos centros de abortos. Isto é algo que neste momento da loita pode ser moi útil, como elemento de denuncia e cara a enfrentar a legalidade con un feito real e neste senso ir forzando a sua aceptación. Pro, como proxecto mais ambicioso e como solución pra toda-las mulleres non nos parece axeitado pois nin as forzas do movemento feminista son suficientes, nin debe ser o eixe central e unico da loita das mulleres, nin estaríamos en posición de facerlle competencia a outras clínicas que conta-sen con mais medios.

Hai mulleres que pensan que o Estado non se debera meter a legislar sobor de algo que corresponde a muller, como é o control da capacidade de reprodución, de ter ou non un fillo. Nos pensamos que esa é unha decisión que corresponde soio a muller e neso estamos dacordo, pro pensamos que hai que obligar ó Estado a que asuma esa obriga de proporcionarlle a muller os medios pra que ela poda tomar libremente esa decisión.

Sabemos que a maioría da lexislación que sobor do aborto hai no mundo, incluso as leises menos restrinxidas si guen tendo pegas, pro nós non temos que, nin imos a aceptar unha lei calqueira. Nós loitamos por unha lei que recolla to dos aqueles aspectos que reseñamos no seu senso mais amplo, que posibilite o acceso real de todas as mulleres ó aborto. Mentras non a consigamos seguiremos na loita como fixeron milleiros de mulleres en Francia, Italia, etc.

#### 4. ALGUNHAS CUESTIONS POLEMICAS SOBOR DO ABORTO E A NOSA VISION SOBOR DELAS

- E a muller quen ten que tomar a decisión de si quere ou non abortar (non admitimos tutelas de médicos, maridos, mozos, pais, etc. pois pensamos que toda muller que pode concebir un fillo debe ter dereito a abortar).
- Cláusula de conciencia: Debe quedar garantizado o servicio de asistencia médica en caso de aborto dentro da seguridade social. Os médicos que aduzcan problemas de conciencia deben ser reintegrados noutros servicios.
- Plazos pra realización do aborto: Consideramos debe facerse canto antes pois canto mais se retrase mais lesivo é pra muller, pro debe ser ela a que decida en última instancia. (Este punto podría discutirse mais ampliamente na assemblea por ser un dos menos claros.

Dende que o Ministro de Sanidade anunciou a modificación dos artigos do Código penal referentes a penalización do aborto para o Xulio vindeiro, no senso de que éste sexa despenalizado en tres casos: caso de violación, de malformacións do feto ou de perigo de vida para a nai, sectores importantes da sociedade estense a pronunciar nun ou noutro sentido.

Nós pensamos que é moi importante as opinións das organizacións feministas e de mulleres porque coñecemos os problemas que nos atinguen ás mulleres, porque somos as principais interesadas e afectadas neste tema e porque levamos moitos anos adicadas en exclusiva aos problemas nosos, cousa que, non por lamentábel é ben certa, non fixeron ao longo de séculos outras organizacións, nin a Administración -mais que en períodos electorais ou pre-electorais como agora- nin homes ben situados no poder, nos medios de comunicación, na ciencia etc etc.

Temos que decir que é para nós un avance sobre o goberno anterior, que o goberno socialista fale da necesidade de modificar o Código Penal no devandito tema.

Noustante, tamen temos que decir que a proposta do Goberno parécenos moi claramente insuficiente e, tentamos explicarnos:

O feito de que cada ano no Estado Español aborten clandestinamente 300.000 mulleres das que morren 3.000 por carecer de atención médica e sanitaria. O feito de que un tercio da poboación reclusa feminina esté nas cárceles por este "delito", coidamos ten que facer reflexionar moi seriamente sobre este problema. (1)

Non pode parecer casual que se produzan tal número de abortos nun país onde tanto ten pesado a proibición de métodos anticonceptivos (de uso, de difusión e de propaganda), onde a ignorancia sobre a propia sexualidade é tanta ao mesmo tempo que é total a identificación entre sexualidade e reprodución; un país onde falar de todos estes temas era e, en moi boa medida segue a ser, unha vergoña e unha desfachatez; un país no que se ven educando ás mulleres para un único fin: casar e ser nais. Sinceramente a naipe que fale co corazón e coa razón, lle pode parecer estrano.

O que si nos parecen extranas son as condicións nas que as mulleres míranse obrigadas a abortar, a realizar eses abortos que elas teñen decidido: A busca de enderezos noutros países, de ir onde 'aborteiros afeccionados', de ter que pagar sumas de cuartos disparatadas, de ter que abortar na casa con perexil, agullas de calcetar, sosa... poñendo en grave perigo a propia vida. Horribles e anguriantes situacións de agachamento e ocultacións ao home, aos pais, ao vecindario, de sentimentos de culpa, de ilegalidade, de risco de cárcel, de multas, de inhabilitación profesional, deesequilibrio emocional... notas que centos de miles de mulleres teñen pasado.

Esta inxusta situación social e de privación que vivimos as mulleres é dobremente agravada para as mulleres das clases populares, para as mulleres pechadas na casa sin practicamente relación algunha co mundo exterior, e para as mulleres campeciñas, especialmente illadas da información, da cultura. Mulleres todas elas traballadoras, que teñen difícil acceso á información, que carecen de recursos económicos necesarios e que son, ao cabo, as que abortan en condicións mais lamentábeles. Esto, cando non se miran forzadas a ter uns fillos que non desexan por non poder abortar. Fillos, moitos deles, que logo podemos atopar nas follas dos xornais maltratados polos propios pais, ou nun estado de indixencia que á muita hipócrita sociedade caritativa e benpensante apenas si preocupa.

Todo esto, a nós, mulleres, parécenos mais próximo ao estadio animal que ao estadio de humanidade razonadora, capaz de se transmitir coñecementos, experiencias, cultura, dominio da natureza e liberdade.

Pero, esta situación deixa ben as claras que istes abortos decididos non son sinon a expresión extrema dun fondo anxeio das mulleres de decidir sobre a súa bioloxía. De erixirse nun estadio superior ao animal que, efectivamente, si carece da posibilidade, sin o concurso humano, de impoñerse á súa bioloxía.

Estes abortos expresan o desexo de decidir si se queren ter fillos, de cuántos se queren ter, cando se queren ter e cómo e con quén.

En suma, controlar a capacidade -que non obriga- reproductora, é unha conquista da humanidade que nos alonxa do estadio primitivo e nos achega algo mais á liberdade. Porque a posibilidade de poder reproducirse, de poder quedar embarazada non pode querer decir nunca que esa posibilidade convértase nunha pesada carga ou nunha obriga inexcusábel.

Ademais, debemos de expresar unha verdade que non resultará agradábel para moitos. Cando unha muller queda embarazada sin desexalo non é precisamente pola súa "culpa" ou cando menos non pola súa exclusiva responsabilidade. Sobor deste asunto deberían de meditar moitos homes que pensan que as mulleres teñen que cargar coa súa bioloxía como unha cadea namentras eles desenténdese das súas responsabilidades de atención e coitado dos nenos dende o momento do seu nacemento.

Insistimos novamente; para nós, quedarnos embarazada ou interrompirla un embarazo non desexado ten que ser froito da libre decisión e vontade da muller, e, para que efectivamente sexa unha liberdade real, faise preciso que se LEGALICE O ABORTO. Que se aprobe unha lei que garantice o dereito ao aborto libre e gratuito, na Seguridade Social (estén ou non afiliadas á S.Social). Unha lei que non faga ningunha diferenza por razón de idade ou estado civil. Tampouco por nacionalidade. Unha lei, na que se contemple que a decisión corresponde única e exclusivamente á muller.

A existencia desta lei que reclamamos para que garantice o dereito ao aborto como un dereito individual da muller, deixa, naturalmente, a liberdade a cada muller para decidir sobre a súa maternidade.

Naide, por razóns morais, relixiosas, demográficas ou políticas pode obrigar a unha muller a abortar contra da súa vontade ( coma acontece en países do terceiro mundo nos que por "necesidades" demográficas dos respectivos gobernos, fanse esterilizacións forzadas, abortos forzados, ou pretendidas revisións médicas que as mulleres ignoran en qué consisten, a cambio dunha radio ou calisquer outro "presente".)

Tampouco se pode consentir a existencia de abortos blancos, é dizer, aqueles abortos que se producen por condicións laborais insalubres ou non axeitadas a un determinado estadio do embarazo, como acontece en multitude de fábricas do Estado Español. No mesmo punto temos necesariamente que falar de intoxicacións masivas como a producida polo aceite da colza que afectou especialmente as mulleres tanto as embarazadas naquel momento como aquelas que quedaron embarazadas a posteriori por desidia criminal dos organismos sanitarios responsábeles dunha información axeitada e das precisas medidas anticonceptivas).

Máis, de igual xeito que pensamos que naide pode obrigar por ningunha razón a unha muller a abortar sin a súa vontade, naide pode obrigar a unha muller a non interrompir un embarazo cando esa é a súa decisión.

Hai moito tempo que xunto a estes argumentos no Movemento Feminista decimos

QUEREMOS O DEREITO AO ABORTO, NON QUEREMOS ABORTAR

Por que a ningunha muller lle gusta abortar, pero a ningunha muller lle gusta quedarse preñada sin o seu consentimento e sin a vontade de levar a termo ese proceso.

O aborto é a solución extrema a un embarazo non desexado e, naturalmente, nós somos as primeiras interesadas en non ter que recurrir a él.

So cando as mulleres teñamos un fondo coñecemento do noso corpo, cando sexualidade e maternidade non sexan a mesma cousa, cando as relacións sexuais non impliquen unha constante ameaza de embarazo, cando teñamos unha información científica e feminista dos diferentes métodos anticonceptivos e os podamos obter gratuitamente, cando os centros de información sexual existan en número suficiente e funcionen, cando a maternidade nesta sociedade non sexa unha carga para as mulleres e aquelas que desexen ter fillos podan continuar sin dificultades suplementarias o seu labor profesional e vital.... o número de abortos disminuirá sensibelmente e o recurso ao aborto será realmente excepcional.

Este será o momento en que realmente as mulleres poderemos elexir con liberdade.

Dizer esto que vimos de dizer significa que aquelas personas que se o poñen á legalización do aborto ( que non é o mesmo que ser individualmente partidarias do mesmo), están a avalar a continuidade da inxusta situación social que se da actualmente e son as mesmas personas que queren manter á muller alonxada da razón e da liberdade, atada e suxeita aos imperativos económicos-demográficos, morais e políticos de importantes sectores sociais así como submetida aos privilexios varonís.

Do mesmo xeito, prantexarse pola banda do Goberno unha tan restrictiva modificación das leis que só alcanza a despenalizar en tres casos o aborto, quere dizer, nin mais nin menos que



- . milleiros de mulleres seguirán a abortar na clandestinidade con risco de cárcel-multas-inhabilitación profesional, etc
- . milleiros de mulleres seguirán a facerse practicar abortos en condicións sanitarias inexistentes e con risco de morte.
- . existirá unha especulación económica con aqueles abortos despenalizados de que van lucrarse sectores da sanidade e 'profesionais coxunturais'.
- . as mulleres seguirán carecendo daquel elemental dereito que é dispor e decidir sobre o seu propio corpo.

Dende este punto de vista nós consideramos moi insuficiente as medidas previstas polo Goberno do PSOE e pensamos que debe de promoverse unha ampla educación e información sexual dende as escolas e nos centros especiais a tal fin. Que debe de promoverse unha ampla educación anticonceptiva e a investigación da mesma para homes e mulleres, así como a gratuidade dos medios anticonceptivos na Seguridade Social e que a legalización do aborto nas condicións denantes indicadas ten que ser unha realidade que naide que diga defender os dereitos das mulleres pode negar.

Para aqueles partidarios de recurrir á Bioloxía como argumento contundente contra o aborto, transcribimos a resposta de Francois Jacob a unha entrevista realizada por Joan Senent-Josa editada no libro "Lógica de lo viviente e historia de la Biología" de varios autores. Editorial Anagrama, Barcelona, 1975. Páxinas 91 e 92.

Decir que F. Jacob nasce en 1920, estuda Ciencias Médicas na Universidade de París na que se doctora en 1947. Dende 1950 traballa como investigador no Institut Pasteur e en 1960 é Director do departamento de Xenética Celular e, en 1964 ocupa a cátedra de Xenética Celular do Collège de Francia.

Polos seus traballos das estruturas, xeitos de agrupación e mecanismos de actuación dos xenes nos cromosomas xunto a A. Lwoff e J. Monod e o descubrimento do papel do M-RNA (ácido ribonucléico mensaxeiro), de importancia trascendente para a transmisión da información xenética, recibiu xunto a Lwoff e Monod o premio Nóbel de Medicina e fisioloxía.

François Jacob:

" Trátase dun problema moral e político e non biolóxico. Cando se recorre á bioloxía é caseque sempre para defender un punto de vista metafísico e argüese en contra do aborto. Antes que nada quisera dizer que o aborto, en calquera caso, non penso que sexa a solución ideal. O aborto non é mais que o último recurso - para unha muller xa que nunca constitue algo agradábel. Caseque sempre prodúcense consecuencias afectivas e tamen, as veces, físicas. Esta é, para min, a única obxección contra o aborto. O importante é que a parella e sobor de todo a muller poda decidir por si soia cuántos fillos quere e cándo os desexa. Paréceme evidente que hai que limitar os nacementos, que o crecemento sin control constitúe un dos perigos mais graves para a humanidade. O home é, sin dúbida, o primeiro organismo que se ten liberado de certas continxencias biolóxicas, de certas necesidades biolóxicas. Pesie ao que, quiséraselle negar, en nome de certo bioloxismo, o dereito de decidir por si mesmo acerca da súa descendencia. A meirande parte dos argumentos biolóxicos utilizados só serven pra agachar argumentos metafísicos contra o aborto. Por exemplo: Unha vez éncetada a vida human, non existe o dereito de interrompila baixo pena de cometer un crime. Dáse a casualidade que os que sosteñen este punto de vista son en xeral partidarios da pena de morte e das fazañas militares. A bioloxía o que di en realidade é que a vida nunca escomeza. Prosegue. Prosegue dende fai dous ou tres miles de milleiros de anos. Un óvulo e un espermatozoide están vivos. Entre o ovo fecundado e o neno que nasce non existe un momento privilexiado. Só unha enfiada de reaccións ininterrumpidas que aos poucos modelan ao cativo ser human. En conclusión como xa dizen, a actitude diante do aborto platexa un problema moral: ou ben ún se interesa polo conxunto de células que é o feto, e elo por razóns metafísicas, ou ben ún interésase pola nai, que é un ser human, e que é quen debe dizer a derradeira palabra sobre esta cuestión.

recollido de

"Lógica de lo viviente e historia de la biología"

Cuadernos Anagrama, Barcelona, 1975. Páx 91-92.

Notas:

1.- Estes datos foron facilitados no ano 1975 pola Fiscalía do Tribunal Supremo.

E difícil que nestas estimacións estén incluídos o volumen total de abortos posto que as condicións de clasdestinidade dificulta enormemente a súa estadificación.

O movemento feminista de diversos lugares de Galicia e tamen do resto do Estado leva preparando algúns índices estadísticos do parcial volumen de abortos dos que elas teñen coñecemento ao traveso de clínicas aborteiras e médicos do ex - tranxeiro, así como dos enderezos para abortar que o Movemento feminista dende ha moitos anos procura ás mulleres que recurren a elas enviadas por moi diversos sectores sociais, bastantes deles que din ser contrarios ao aborto, hastra que non teñen algun aborto indesexado nalgunha muller da familia ou coñecida e cercana.